

creación, a modificación e a extinción anticipada da obrigaón de realizar prestacións accesorias requirirá igualmente o consentimento dos interesados (art. 145 LSA). Na sociedade limitada, cando a modificación implique novas obrigaóns para os socios ou afecte aos seus dereitos individuais deberá adoptarse co consentimento dos interesados ou afectados (art. 71.1 LSL), e a creación, a modificación e a extinción anticipada da obrigaón de realizar prestacións accesorias deberá acordarse cos requisitos previstos para a modificación dos estatutos e requirirá, ademais, o consentimento individual dos obrigados (art. 25.1 LSL).

Por último, compre resaltar a importancia que o dereito de información ten no ámbito cooperativo. Non é de estrañar que a Sala sexa severa coa satisfacción deste dereito do socio, en especial nun caso como o presente, no que se crean obrigaóns para os cooperativistas sen que se esixa a unanimidade ou o seu consentimento. Con respecto á Lei galega de cooperativas, o dereito de información foi estudado con detemento por Rafael MILLÁN CALENTI (O dereito de información na Lei de Cooperativas de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Centro de Estudos Cooperativos, 2003).



Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 187-194

**“INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO COOPERATIVISTA
(COMENTARIO DA SAP DE LEÓN, NÚM. 554/2009, SECCIÓN 1,
DO 16 DE NOVEMBRO DE 2009)”.**

José Antonio RODRÍGUEZ MIGUEZ e
María Jesús RODRÍGUEZ MIGUEZ.

1. Antecedentes.

De maneira sumaria imos expoñer os feitos dos que trae causa a sentenza obxecto do presente comentario.

En efecto, o obxecto do presente comentario é o Recurso de Apelación 9/09 tramitado ante a Audiencia Provincial de León, e resolto pola súa Sala do Civil (Sección 1), con data de 16 de novembro de 2009, contra a Sentencia do 3 de novembro de 2008, do Xulgado de Primeira Instancia nº 8 y de lo Mercantil de León [P.O. nº 458/2008].

A sentenza de instancia desestimaba integramente as demandas presentadas polos demandantes [cooperativistas] contra a Cooperativa á que pertencían [Cooperativa Leiteira LAR], e declaraba a adecuación á Dereito das sancións impostas polo Consello Rector e ratificadas pola Asamblea Xeral, de data 27 de xaneiro de 2008, polo que se sancionara aos demandantes como autores dunha falta moi grave, tipificada no artigo 15.2 c) e i) dos Estatutos da Cooperativa, ao pagamento dunha multa de 6.000 euros, con expresa imposición das costas.

A infracción que se lles imputaba consistía no incumplimento da obriga de entrega á cooperativa, na súa condición de socios, o 100% da súa produción láctea, o que supoñía un incumprimento da súa obriga de participar na actividade cooperativizada.

2. Contido da sentenza apelada.

A sentenza recorrida desestimou, en primeiro lugar o argumento da posible prescrición da sanción, invocada polos recurrentes, polo que procede de seguido a entrar no fondo do asunto, a comisión ou non da infracción tipificada o Estatuto, desestimando igualmente a impugnación formulada polos mesmos, o que supón a confirmación da legalidade da sanción imposta.

3. Fundamentos de Dereito da SAP.

Os recurrentes en apelación, sostiveron ante a Sala da AP que non deixaron de cumprir as súas obrigas, senón que constituíron cun terceiro outra entidade cooperativa, polo que deixaron de facer a entrega requirida da súa produción láctea *a título individual*, para facelo a través da nova cooperativa, co consentimento da demandada.

Así mesmo, reiteraron a súa argumentación da prescrición da presunta infracción, polo transcurso de mais de seis meses dende que se afirmaron terse cometido os feitos sancionados.

En sede xudicial os seus esforzos centranse no concepto de fraude de lei ou conducta dolosa, de maneira que os apelantes tratan de “xustificar” a súa actuación no coñecemento e consentimento da citada situación por parte da cooperativa demandada.

Para a Sala, o certo é, sen embargo, que na sentenza recorrida non se alude ao fraude de lei nin se sanciona aos agora recurrentes por unha conducta insidiosa a partir de elementos “culpabilísticos”; polo contrario, para a AP, a sentenza recorrida sustiña de xeito acertado, que concurría o suposto de feito previsto nos Estatutos da cooperativa como infracción, polo que a sanción resultaba inevitable polo carácter voluntario dos feitos do que traía causa, subraiado, coa cita expresa da sentenza recorrida que:

"non pode argüirse como xustificación do cesamento das achegas a imposibilidade debida exclusivamente á propia vontade dos obrigados de constituír unha cooperativa".

A infracción imputada aos recurrentes é a prevista nos apartados c) e i) do punto 2 do artigo 15 dos Estatutos, e que se tipifica como moi grave:

"c) A non participación na actividade cooperativizada da Cooperativa nos termos que establecen os presentes Estatutos. [...]; i) O incumprimento por parte do socio de vender por medio da

Agrupación de Productores o conxunto da súa produción para os produtos para os que se teña asociado".

En consecuencia:

“sendo un feito acreditado “[...] e incluso recoñecido- [que] os recurrentes non se tiveran dado de baixa da cooperativa LAR, alomenos ata o momento en que se adoptou a decisión impugnada, polo que estaban obrigados a cumprir con as normas estatutarias, e sometidos a elas.”

Sobre esta base fáctica, a AP afirma con rotundidade que “resulta claro que os recurrentes -que formaban parte da cooperativa- viñan obrigados á achega do conxunto da súa produción para os produtos a cuxa achega viñan obrigados polos Estatutos, e que deixaron de facelo desde o momento en que cesou a achega da súa produción láctea á cooperativa LAR.”

Así, aínda que se producira un inicial incumplimento por parte dos recurrentes cando a produción láctea non foi achegada a título persoal, como socios, senón que comezaron a facela a outra cooperativa que eles mesmos fundaron cun terceiro (cooperativa FERVACAS).

Consideráse pola Sala que o incumplimento non foi illado e puntual, senón continuado, de xeito que deu lugar a unha conduta persistente no tempo:

“ao ceder a súa produción láctea a outra cooperativa (FERVACAS) comezou o incumplimento que persistiu no tempo en tanto en canto os recurrentes mantiñan a súa condición de socios da cooperativa.”

A persistencia do incumplimento implica, para a AP, que a infracción non podía considerarse prescrita, porque concorría no momento mesmo de imporse a sanción: o socio non aportaba a súa produción láctea, xa a obteña por sí ou pola súa participación en outra cooperativa.

A constitución dunha nova cooperativa por parte dos recurrentes (por sí sos ou xunto cun terceiro), non supoñía a perda da condición de socio que os recurrentes mantiveran na cooperativa de orixen cando se lles impuxo a sanción, e que non resultaba vinculada polas decisións que os seus socios voluntariamente adoptasen fora do seu seno.

Durante un certo tempo a cooperativa LAR recibiu a produción láctea proveniente das explotacións gandeiras dos recurrentes a través de persoa xurídica interposta, a nova cooperativa creada por eles cun terceiro (FERVACAS), pero a cooperativa de orixe non podía proceder contra eles

porque a pesares da irregularidade que supoñía a achega por quen non era socio (FERVACAS) a cooperativa LAR efectivamente recibía a totalidade da produción das explotacións dos recorrentes.

Sen embargo, a conducta infractora, deixar de entregar a produción láctea, materializouse cando FERVACAS deixou de aportar a produción láctea correspondente ás explotacións gandeiras dos recorrentes, porque nese preciso momento a cooperativa LAR xa non a recibe, nin dos seus socios nin a través de persoa interposta.

En resumo, a decisión dos recorrentes de achegar a súa produción láctea a outra cooperativa foi consciente e voluntaria, xerándose o incumprimento da súa obriga coa cooperativa á que seguían pertencendo ata que se lles impuxo a sanción, precisamente cando a cooperativa interposta deixou de cumprir a obriga contraída polos recorrentes para coa cooperativa LAR.

4. Pronunciamento da AP.

A vista do exposto, a AP pronunciouse desestimando na súa integridade a sentenza apelada e cargando as custas do procedemento aos apelantes.

5. Comentario.

A presente sentenza, froito da sempre importante Xurisprudencia Menor, na que rematan a maioría das controversias, presenta un interese particular, que trataremos de expor de maneira sucinta, no noso comentario.

5.1. Consideracións xerais.

De acordo co previsto no artigo 1 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas: *“a cooperativa é unha sociedade constituída por persoas que se asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, para a realización de actividades empresariais,, encaminadas a satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas e sociais, con estrutura e funcionamento democrático, conforme os principios formulados por la alianza cooperativa internacional, en los términos resultantes de la presente Lei”*²¹.

²¹ En términos similares pronunciase o Artigo 1.1 da Lei 4/2002, do 11 de abril, de cooperativas de Castela e León (Concepto e denominación), que establece que “1. Aos efectos da presente Lei se entende por sociedade cooperativa, a sociedade constituída por persoas que se asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, para a realización de actividades empresariais, encamiñadas a satisfacer as súas necesidades e aspiracións

Por tanto é unha sociedade aberta, na que ten cabida, todo aquel (persoa física ou xurídica, pública ou privada, ou comunidade de bens) que decida asumir as obrigas previstas no seu Estatuto social, que establecen as súas normas de funcionamento.

Como é ben coñecido as formas mercantís de economía social, das que cabe considerar ás cooperativas como a modalidade máis significativa, presentan, precisamente por esa orixe especial, certos rasgos distintivos, dos que a presente sentenza é unha proba evidente, na medida en que o obxecto do axuizamento é unha sanción imposta polo seu órgano de goberno, o denominado Consello Rector, a dous dos seus membros cooperativistas, por incorrer nunha das conductas que os seus Estatutos consideran como infracción moi grave

5.2. A singularidade da condición de socio-cooperativista.

Efectivamente, fronte á condición de socio doutras formas societarias, a especial natureza das cooperativas atribúen ao seus membros unha serie de dereitos e o correlativo catálogo de deberes, que, fora das eventuais obrigas accesorias impostas no marco da creación doutras formas societarias mercantís non cooperativas, derivan do feito de que o cooperativista presenta unha dobre dimensión, a de membro da sociedade e, ao mesmo tempo, traballador.

Resulta evidente que o establecemento dun catálogo de obrigas sería pouco efectivo se os órganos reitores da mesma non dispuxeran dalgún medio coercitivo para garantir o seu cumprimento. De aí xurde a súa “potestade sancionadora”, que como é lóxico é sempre fonte de conflitos, que soen rematar nos tribunais. Así o sinalaba TRUJILLO DÍEZ²², no ámbito da xa derogada Lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas, especialmente, como é lóxico, cando a sanción levaba aparellada a expulsión da cooperativa.

Así o reconece o Artigo 11º da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas, que establece expresamente, ao fixar o contido mínimo dos Estatutos da sociedade cooperativa a obriga de fixar nos mesmo, entre outras mencións xenéricas de toda sociedade mercantil ou mesmo de toda forma asociativa, “m) Normas de disciplina social, tipificación das faltas e

económicas e sociais, con estrutura e funcionamento democrático, conforme aos principios formulados pola Alianza Cooperativa Internacional, nos términos resultantes da presente Ley.”

²² TRUJILLO DÍEZ., I. J.: “El régimen disciplinario cooperativo en la Jurisprudencia Civil.”, en *Aranzadi Civil*, vol. III parte Estudio, Editorial Aranzadi, SA, Pamplona. 1996.

sancións, procedemento sancionador, e perda da condición de socio.”, que é reproducido de maneira literal no Artigo 13.j), da Lei 4/2002, de 11 abril, de cooperativas de Castela e León, que é a norma específica aplicable, dado que esta Comunidade Autónoma, como as restantes aprobou a súa propia norma de cooperativas.

Como é lóxico, as potenciais infraccións deben atoparse en íntima relación cos deberes impostos aos membros da cooperativa, respecto dos que a lexislación reconece tamén un amplo marxe a vontade dos cooperativistas, as incluír, ademais dun xenérico catálogo dos mesmos [Artigo 15 LC e Artigo 23 LCCL], a previsión expresa de que os Estatutos inclúan no seu contido mínimo, os dereitos e deberes dos socios [Artigo 11. k) LC e 13.h) LCCL, que engade expresamente ao anterior “[...], indicando o compromiso ou a participación mínima nas actividades da cooperativa.”, que o que neste caso se cuestiona].

Asemade, ámbalas dúas normativas, a xeral e a autonómica, recollen previsións sobre a “Disciplina social” [Artigo 24 LCCL e 18 LC], nas que se establecen diversas cautelas, propias do Dereito administrativo sancionador, como a de que, “1. Os socios só poderán ser sancionados polas faltas previamente tipificadas nos Estatutos, que se clasificarán en faltas leves, graves e moi graves.” [Artigo 18.1 LC e 24.1 LCCL].

Sentadas as bases da legalidade do exercicio desta facultade, coma imprescindible posibilidade de revisión xudicial, o conflito céntrase na maioría dos casos, como é habitual noutros campos como o Dereito Administrativo sancionador ou mesmo o Dereito penal, acreditar que se produce o feito que se tipifica como infracción, tal e como aconteceu no presente caso, ou algunha cuestión procedimental, como tamén neste caso, a posible prescrición.

Respecto a esta última cuestión, e por considerar que se trata dunha regra de “orde público”, tanto a normativa estatal como a autonómica inclúen no contido mínimo dos Estatutos os prazos de prescrición, en función da gradación das infraccións en leves, graves e moi graves, así como das sancións, aínda que a súa contía se deixa aos propios cooperativistas que, en todo caso, deberán recollelas previamente nos Estatutos.

6. Conclusión.

A propia natureza das cooperativas esixe que os cooperativistas sexan leais coa propia entidade á que pertencen. Non obstante como iso non se